

O GROVE**EDICTO**

Carina Alejandra Pérez Alonso e/r de NOVA PALELU S.L., solicitou desta Alcaldía licenza de actividade para BAR en local situado na rúa Luis Casais, nº 11-baixo 2, deste termo municipal (exp.17/10).

En cumprimento do establecido no artigo 86 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sométese o expediente a información pública por un período de vinte días hábiles, co fin de que nese tempo —que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia— as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poidan examinalo na Secretaría deste Concello e formular por escrito as reclamacións ou as observacións que estimen oportunas.

O Grove, 22 de outubro de 2010.—O alcalde, José Antonio Cacabelos Rico.

2010011959

* * *

A ILLA DE AROUSA**ANUNCIO**

O Pleno do Concello de A Illa de Arousa, en sesión celebrada o 04 de novembro de 2010, adoptou acordo provisional de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo servizo de abastecemento de auga.

Polo que, de acordo co disposto no artigo 17 do Texto Refundido de Lei de Facendas Locais e artigo 49 da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, expóñense ó público, por prazo de trinta días, dentro do cal os interesados poderán examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderanse definitivamente aprobados os acordos ata entón provisionais.

Os expedientes poderán ser examinados nas dependencias municipais, en días laborables (agás sábados) e en horario de 9.00 a 14.00 horas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Na Illa de Arousa, a 05 de novembro de 2010.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. **2010012126**

* * *

MOAÑA**EDICTO**

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 04/11/10, acordou a aprobación provisional da ordenanza fiscal que se relaciona:

— Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público por empresas prestadoras de servizos de telefonía móbil.

En cumprimento do disposto polo artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposto ó público o expediente, no Taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de trinta días hábiles, a efectos de exame e reclamacións.

De non formularse estas, entenderase automaticamente elevado a definitivo dito acordo de aprobación inicial, en virtude do disposto polo artigo 17 do referido Texto Refundido.

En Moaña, a 5 de novembro de 2010.—O Alcalde, Xosé Manuel Millán Otero.

2010012131